REUNIÓN DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Día: 05.06.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 27/05/2019 14:01:08
Nº Rexistro: 15509
Data envio: 27/05/2019 14:01:08.667

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 5 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Proposicións non de lei

1 46301 (10/PNC-003720)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a remisión por parte do Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun informe respecto dos resultados do Programa bono emprega automoción, así como de todas as axudas e subvencións concedidas ao sector na X lexislatura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 434, do 20.02.2019
Publicación do acordo, BOPG n.º 455, do 03.04.2019

2 47313 (10/PNC-003820)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para diminuír os custos das melloras na subministración de enerxía eléctrica para as pemes agrogandeiras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

3 47336 (10/PNC-003823)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e rehabilitación do Camiño Norte a Santiago de Compostela, así como o mantemento da súa consideración como patrimonio da humanidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

4 49126 (10/PNC-003968)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 465, do 23.04.2019

CSV: REXISTROsfq9SSc3f1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 27/05/2019 14:01:08
Nº Rexistro: 15509
Data envio: 27/05/2019 14:01:08.667

PARLAMENTO DE GALICIA

5 49258 (10/PNC-003983)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a elaboración por parte da Axencia de Turismo de Galicia dun estudo do impacto socioeconómico dos aloxamentos vacacionais en Galicia e das súas repercusións nos demais sectores
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019

6 49407 (10/PNC-004001)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis
Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun órgano colexiado de carácter consultivo e participativo entre a Administración autonómica e as entidades locais, co fin de procurar a máxima coordinación, cooperación e participación nas materias que afecten a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019

7 49802 (10/PNC-004033)
Grupo Parlamentario de En Marea
Casal Vidal, Francisco
Sobre as demandas que debe realizar Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa creación da tarifa de acceso regulado á enerxía nuclear e hidráulica histórica
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2019

Cristina Isabel Romero Fernández
Presidenta da Comisión

Cristina Isabel Romero Fernández

Firmado digitalmente por Cristina Isabel Romero Fernández
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cristina Isabel Romero Fernández, email=cristina.isabel.romero.fernandez@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.05.27 13:16:16 +02'00'

CSV: REXISTROsfq9SSc3f1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 27/05/2019 14:01:08
Nº Rexistro: 15509
Data envio: 27/05/2019 14:01:08.667

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 27/05/2019 13:16:16

CSV: REXISTROsfq9SSc3f1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Vicepresidenta

Sandra Vázquez Domínguez	P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños	BNG

Vogais

María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Moisés Blanco Paradelo	P
Francisco Casal Vidal	EM
Luca Chao Pérez	EM
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Marta Nóvoa Iglesias	P
José Manuel Pérez Seco	S
Moisés Rodríguez Pérez	P
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Día: 05.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 46301(10/PNC-003720)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a remisión por parte do Goberno galego ao Parlamento de Galicia dun informe respecto dos resultados do Programa bono emprega automoción, así como de todas as axudas e subvencións concedidas ao sector na X lexislatura

Publicación da iniciativa, 434, 20.02.2019

Publicación do acordo, 455, 03.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46301
Data envio: 13/02/2019 19:20:42.519

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa aos resultados do Programa bono emprega automoción para a formación e contratación de persoas desempregadas no sector da automoción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 20 de agosto de 2018 publicábase no Diario Oficial de Galiza a orde do 7 de agosto de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras do Bono emprega automoción para a formación con contratación de persoas desempregadas no sector da automoción en Galiza e se procede á súa convocatoria para o ano 2018. Presuntamente, estas axudas atopábanse incardinadas na axenda 20 para o emprego, para impulsar o emprego estable e de calidade e acadar un novo modelo produtivo de Galicia baseado no crecemento e no coñecemento.

Esta orde estabelecía as bases reguladoras para un programa de formación con contratación de persoas desempregadas nos sectores de actividade vinculados ao sector da automoción, e procedíase á convocatoria pública de axudas correspondente ao ano 2018 (procedemento TR301Y) denominado Bono emprega automoción e para o que as arcas públicas disponibilizaban 3 millóns de euros. Dita convocatoria foi pechada o pasado 1 de outubro de 2019.

CSV: REXISTRO-ukdIMnnoE-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46301
Data envio: 13/02/2019 19:20:42.519

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector de automoción en Galiza e unha actividade de vital importancia na economía galega, tendo unha forte incidencia no noso Produto Interior Bruto. Ten un gran peso específico, principalmente no sur do país. Porén, dende hai anos esta actividade esta sendo deslocalizada ao norte de Portugal e a outros países con baixos custes, implicando unha grande perda de postos de traballo, o que afecta gravemente ao noso pais. Asemade, as entidades públicas como a Xunta de Galiza conceden subvencións con diñeiro público a moitas destas empresas do sector da automoción e cómpre fiscalizar a súa eficacia e impacto.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

"O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a remitir á cámara un informe detallado sobre os resultados do Programa bono emprega automoción para a formación e contratación de persoas desempregadas no sector da automoción así como de todas as axudas e subvencións concedidas na presente lexislatura para este sector."

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Luis Bará Torres
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz

CSV: REXISTRO-ukdlMmnoE-8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 46301
Data envio: 13/02/2019 19:20:42.519

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/02/2019 19:16:15

María Montserrat Prado Cores na data 13/02/2019 19:16:20

Ana Pontón Mondelo na data 13/02/2019 19:16:22

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/02/2019 19:16:23

Olalla Rodil Fernández na data 13/02/2019 19:16:25

Xosé Luis Bará Torres na data 13/02/2019 19:16:26

CSV: REXISTRO-ukdlMrnoE-8
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 47313(10/PNC-003820)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para diminuír os custos das melloras na subministración de enerxía eléctrica para as pemes agrogandeiras

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:41:16
Nº Rexistro: 47313
Data envio: 06/03/2019 10:41:16.761

grupo socialista Parlamento de Galicia · PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados **Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

Na lexislatura do rural, anunciada polo presidente Feijóo no seu discurso de investidura en 2016, os problemas que atopan os cidadás que queren seguir vivindo e traballando nese rural son moi numerosos, e na nosa opinión as accións da Xunta de Galicia para axudalos escasas e fallas de coordinación.

No caso das actividades económicas no sector primario, o sector gandeiro presenta problemas específicos; ademais das dificultades para acadar explotacións con un tamaño competitivo na economía globalizada, hai outros vinculados a enerxía e as dispoñibilidade das TIC.

Cando estas explotacións, fundamentalmente lácteas, pretenden ampliar o seu tamaño para competir mellor, atópanse cunha obvia necesidade de mellorar o seu subministro enerxético, incrementando a calidade do mesmo e a potencia contratada.

Cando estas explotacións solicitan as empresas subministradoras unha ampliación de potencia no seu subministro eléctrico para mellorar e tecnificar os seus procesos produtivos, atópanse con demandas económicas desmesuradas por parte das empresas eléctricas.

Trátase de desenvolver proxectos de mellora no subministro imprescindibles para a viabilidade e crecemento das empresas, pero a súa contía fai que as Pemes agrogandeiras de Galicia non podan asumilo, sen poñer en risco a propia viabilidade da explotación.

CSV: vgz7YLQiN2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:41:16
Nº Rexistro: 47313
Data envio: 06/03/2019 10:41:16.761

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Desenvolver unha estratexia concreta de negociación coas empresas subministradoras de electricidade para diminuír os custes de melloras no subministro enerxético as Pemes agrogandeiras.

2. Supeditar a recepción de axudas públicas por parte das empresas subministradoras de enerxía eléctrica a redución efectiva de prezos na mellora no subministro eléctrico as Pemes agrogandeiras.

3. Desenvolver unha liña de axudas financeiras, entre as consellerías de Economía (Igape e Inega) e Medio Rural, para as Pemes agrogandeiras no rural que precisen melloras no seu subministro enerxético.

Pazo do Parlamento, 04 de marzo de 2019

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2019 10:39:44

Jóse Manuel Pérez Seco na data 06/03/2019 10:39:50

CSV: vgz7YLQiN2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 10:41:16
Nº Rexistro: 47313
Data envio: 06/03/2019 10:41:16.761

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2019 10:39:55

CSV: vgz7YLQiN2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 47336(10/PNC-003823)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa protección e rehabilitación do Camiño Norte a Santiago de Compostela, así como o mantemento da súa consideración como patrimonio da humanidade

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:57:40
Nº Rexistro: 47336
Data envio: 06/03/2019 11:57:40.145

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea a iniciativa dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Davide Rodríguez Estévez** e das súas deputadas **Paula Vázquez Verao, Luca Chao Pérez e Anxeles Cuña Bóveda,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, formula a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 6.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia, o 6 de febreiro de 2012, a través dunha resolución, do 15 de decembro de 2011, o sometemento a información pública a autorización administrativa, aprobación do proxecto de execución, declaración de utilidade pública, inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica, aprobación do estudo de impacto ambiental, e do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, das instalacións relativas ao parque eólico Sasdónigas, fase II (Expediente LU-11/125-EOL) promovido por NORVENTO.

Este parque eólico no concello de Mondoñedo, que é un só, inda que dividido en dúas fases, volve, como xa fixo a Mina de Touro, a afectar a un ben patrimonio cultural, segundo a Lei 5/2016 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, ademais declarado Patrimonio da Humanidade desde o ano 2015, como é o Camiño do Norte do Camiño de Santiago.

O parque eólico mal chamado Sasdónigas, provocou desfeitas no trazado do Camiño do Norte, que ademais xa provocara as mobilizacións da veciñanza cando as obras dos viais e os aeroxeradores, empezaran no mes de outubro, sen resolverse os recursos de alzada que se interpuxeran contra o mesmo. De feito constan denuncias realizadas ante a Fiscalía Provincial de Lugo do mes de febreiro de 2019, e ante a Xefatura Territorial da Consellería de Economía,

CSV: Q9o6iRhi10
Verificador:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:57:40
Nº Rexistro: 47336
Data envio: 06/03/2019 11:57:40.145

Emprego e Industria, na Xefatura Territorial da Delegación de Lugo nas que se constata a realización de traballos sen permiso por parte da empresa Norvento e sen a presencia das persoas afectadas e das autoridades municipais no levantamento de actas previas á ocupación. Estes traballos de delimitación, con colocación de estacas nas fincas fixéronse sen contar cos medios, permisos, e a presencia das persoas afectadas, e sen identificación das persoas actuantes en representación da empresa, e coa conivencia cos representantes da Administración autonómica, que deberían velar polo cumprimento estrito da legalidade vixente e do procedemento administrativo e que tampouco fixeron nada para salvagardar os dereitos de todas as partes implicadas.

A Xunta inda non resolvera estes recursos de alzada, que paralizan a vía administrativa, inda que non polo visto as máquinas, que mandadas poden facer o que lles dea a gana co beneplácito das autoridades, Xunta e Concello, e este último ademais non pode dar licencia de obras mentres estes recursos pendan de resolución segundo a Lei de Expropiación Forzosa.

A veciñanza requiriu a presenza da Garda Civil e dos Servizos de protección da Natureza- SEPRONA- por entender que non tiñan os permisos necesarios para comezar as obras, e menos sen terse comunicado á veciñanza, autoridades, persoas propietarias das parcelas afectadas, presidencia dos MVMC, etc..

A denuncia deu lugar ás dilixencias previas do procedemento abreviado 406/2018 na que se solicitaba un informe dos feitos ao SEPRONA, e que se remitiron despois de realizado ao xulgado de Instancia e Instrución nº 1 de Mondoñedo.

A empresa promotora do eólico, Norvento, apegouse as condicións do Convenio Doing Business, que ofrece vantaxes fiscais ás empresas que se asenten en determinados concellos (que teñen que estar adscritos a este convenio e que tamén reporta vantaxes para eles), sempre e cando se creen determinados postos

CSV: C9q6iRhi10
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:57:40
Nº Rexistro: 47336
Data envio: 06/03/2019 11:57:40.145

de traballo. Evidentemente estes postos teñen que ter relevancia, e ser duradeiros, se estamos a falar de contratos parciais e de duración determinada, para as empresas é moi fácil esta creación, sen que se fiscalice realmente se estamos a falar de creación de emprego de calidade.

A Xunta mentres aprobaba un plan para a mellora do Camiño de Santiago, no ámbito daqueles proxectos e actuacións e promocións a levar a cabo antes da cita do Xacobeo 2021.

As afectacións ao Camiño Norte son evidentes, á vista das fotografías que se recollen.

Vemos xusto nesta imaxe un indicador do Camiño, co que a desfeita xa está consumada, no que a paisaxismo respecta.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de EN MAREA presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

CSV: C9p6lRhl10
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:57:40
Nº Rexistro: 47336
Data envio: 06/03/2019 11:57:40.145

GRUPO PARLAMENTAR en marea

1.- Garantir a protección do CAMIÑO do NORTE do Camiño de Santiago, que establece no réxime común de protección dos bens de interese cultural e catalogados unha contorna de protección de 30 metros no caso de vías culturais, e 200 metros no caso de bens integrantes do patrimonio arqueolóxico.

2.- Rehabilitar o Camiño do Norte do Camiño de Santiago ao seu paso por Mondoñedo e habilitar un trazado alternativo que garanta a seguridade das peregrinas, segundo o disposto 79.1 da Lei 5/2016.

3.- Iniciar accións tendentes a que estas actuacións non supoñan a perda da consideración do Camiño Norte como Patrimonio da Humanidade.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Davide Rodríguez Estévez
Paula Vázquez Verao
Luca Chao Pérez
Anxeles Cuña Bóveda
Deputadas, deputados e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: C9p6iRhi10
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 11:57:40
Nº Rexistro: 47336
Data envio: 06/03/2019 11:57:40.145

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 06/03/2019 11:55:10

Francisco Casal Vidal na data 06/03/2019 11:55:17

David Rodríguez Estévez na data 06/03/2019 11:55:23

Paula Vázquez Verao na data 06/03/2019 11:55:29

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/03/2019 11:55:32

Luca Chao Pérez na data 06/03/2019 11:55:37

CSV: C9p6lRhl10
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 49126(10/PNC-003968)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible deslocalización e perda de postos de traballo da empresa Iberdrola na comarca de Valdeorras

Publicación da iniciativa, 465, 23.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:27:06
Nº Rexistro: 49126
Data envio: 12/04/2019 13:27:06.827

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á previsíbel deslocalización de postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras para Salamanca.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento dunha serie de inquedanzas relativas á previsíbel deslocalización de postos de traballo de Iberdrola na comarca de Valdeorras, acontecementos diante dos que urxe tomar posición.

Na segunda semana de abril coñeceuse que Iberdrola quere pechar o seu centro de control da Rúa, trasladando esas tarefas e responsabilidades a Salamanca, algo que a empresa cualifica de “reorganización” malia supoñer a destrución de 16 postos de traballo nunha parte do país que ten importantes problemas de despoboamento e desemprego.

Esta situación é inaceptable se temos en conta que esta empresa, como tantas outras do sector enerxético, explotan os nosos recursos naturais e esquilman os nosos ríos e polo tanto é esixible o compromiso de manter o xa reducido número de

CSV: REXISTROxeOUPIFex6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:27:06
Nº Rexistro: 49126
Data envio: 12/04/2019 13:27:06.827

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

postos de traballo que xeran no territorio nunha comarca marcada pola produción hidráulica xa desde Saltos do Sil, cun importante custo ambiental.

Así mesmo, cómpre recordar que Iberdrola superou no ano 2018 por primeira vez os 3.000 millóns de euros de beneficio neto, cun crecemento do 7,5% no 2018 polo que non tería dificultades económicas que impediran manter as oficinas na rúa.

Desde o Concello da Rúa consideran que se trata de deslocalización de Iberdrola no seu concello en primeiro lugar e da comarca de Valdeorras, en segundo lugar, e os grupos de BNG e PSOE presentaron unha moción conxunta. Así mesmo, tamén o concello de Petín se manifestou como contrario e preocupado por estes feitos. É preciso que esa preocupación e compromiso impliquen tamén á Xunta de Galiza.

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a:

1. Expresar o seu compromiso con defender o mantemento dos postos de traballo de Iberdrola na Comarca de Valdeorras así como no resto de Galiza como compensación do impacto social que ten a produción enerxética no noso país.

2. Manter o diálogo e colaboración cos Concellos da Rúa e de Petín e calquera outra institución galega comprometida nestes obxectivos.

CSV: REXISTROxeOUPIFex6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:27:06
Nº Rexistro: 49126
Data envio: 12/04/2019 13:27:06.827

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Dirixirse á dirección de Iberdrola para esixirlle o mantemento dos postos de traballo e o freo ao progresivo desmantelamento dos servizos no territorio galego.”

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2019 13:20:07

María Montserrat Prado Cores na data 12/04/2019 13:20:25

CSV: REXISTROxeOUPIFex6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:27:06
Nº Rexistro: 49126
Data envio: 12/04/2019 13:27:06.827

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 12/04/2019 13:20:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/04/2019 13:20:28

Olalla Rodil Fernández na data 12/04/2019 13:20:30

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2019 13:20:32

CSV: REXISTROxeOUPIFex6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 49258(10/PNC-003983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a elaboración por parte da Axencia de Turismo de Galicia dun estudo do impacto socioeconómico dos aloxamentos vacacionais en Galicia e das súas repercusións nos demais sectores

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2019 12:05:08
Nº Rexistro: 49258
Data envio: 17/04/2019 12:05:08.476

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.

O sector turístico ten un grande impacto económico directo, e indirecto, sobre a sociedade galega debido ao seu carácter transversal, o que afecta ao resto das actividades produtivas galegas.

Un estudo sobre o impacto económico sobre os aloxamentos vacacionais en Galicia seria unha axuda para todas as Administracións galegas, asociacións e profesionais do sector á hora da toma de decisións xa que lles dará información cuantitativa e cualitativa da produción, do emprego, etc., polo que serviría para identificar novas oportunidades para todos os sectores que xiran ao redor do turismo.

O aloxamento vacacional na nosa comunidade é unha parte moi importante do sector polo que, temos que saber mantelo e actualizalo. É por iso que, un estudo de impacto socioeconómico debe darnos as liñas para que o aloxamento vacacional se poida modificar, adaptarse ou reconducirse ao novo tipo de turismo, mantendo o tradicional, ofertando así aloxamento de boa calidade.

O dito estudo debería contar coa maior información posible co fin de abordar o sector cun sentido multidisciplinar. Debe considerar ao sector afectado directamente e aos afectados de xeito indirecto, así como ás zonas máis afectadas polos aloxamentos vacacionais.

O sector do turismo é unha fonte de recursos para moitas familias de diferentes ámbitos, non só do sector servizos, e podería selo aínda máis se coñecemos as necesidades e expectativas dos peregrinos, turistas e visitantes que se achegan a Galicia.

Coa cada vez maior afluencia de turismo en Galicia, temos que ofrecer un turismo de maior calidade, e para iso temos que ser capaces de coñecer a situación polo que pasa e as posibilidades e oportunidades que temos de melloralo, preservalo e facelo máis sostible.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

CSV: REXISTROL1C8yzhMS9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/04/2019 12:05:08
Nº Rexistro: 49258
Data envio: 17/04/2019 12:05:08.476

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que a Axencia de Turismo de Galicia a través dun convenio coas universidades galegas e o sector do aloxamento vacacional, elaboren un estudo do impacto socioeconómico sobre os aloxamentos vacacionais en Galicia e como repercute nos demais sectores (ocio, restauración, transporte público, etc.).

Pazo do Parlamento, 16 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/04/2019 11:59:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 17/04/2019 12:00:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/04/2019 12:00:21

CSV: REXISTROL1C8yzhMS9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 49407(10/PNC-004001)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 6 máis

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun órgano colexiado de carácter consultivo e participativo entre a Administración autonómica e as entidades locais, co fin de procurar a máxima coordinación, cooperación e participación nas materias que afecten a protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2019 16:44:49
Nº Rexistro: 49407
Data envio: 24/04/2019 16:44:49.298

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, desenvolve un traballo cotián en defensa dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias na nosa comunidade, informando, asesorando e formando en todos aqueles asuntos que lles resulten de interese.

Como exemplo, no ano pasado, o Instituto tramitou 18.167 reclamacións dos consumidores, un 3,8% máis que no 2017, e emitiu 3.479 laudos arbitrais, un 27,9% máis que o ano anterior. Un 72% destes laudos recolleron total ou parcialmente as demandas dos consumidores. Ademais, na Escola Galega de Consumo realizáronse máis de 600 actividades, nas que participaron preto de 20.000 persoas.

Pola súa banda, as administracións locais están a desenvolver accións e funcións en materia de consumo en favor da súa veciñanza como órgano administrativo máis próximo. Unha actuación que levan a cabo en coordinación e cooperación coa Xunta

CSV: REXISTRO81104IKSd1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2019 16:44:49
Nº Rexistro: 49407
Data envio: 24/04/2019 16:44:49.298

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

de Galicia, a través das Oficinas Municipais de Información ao Consumidor e diferentes convenios coa Federación Galega de Municipios e Provincias.

Valorando positivamente estas iniciativas, desde o grupo parlamentario Popular de Galicia considérase axeitado dar un paso máis na procura dunha maior unidade de acción entre ambas administracións públicas para garantir a máxima efectividade e cobertura ás persoas consumidoras e usuarias da nosa Comunidade.

Propoñemos, deste xeito, dar cumprimento a un compromiso recollido no programa electoral co que o PPdeG obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega en 2016, e que concretaba "Crearemos a Comisión Galega de Cooperación de Consumo, como órgano de coordinación entre a administración autonómica e local que potencie a actuación coordinada na protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias".

Neste sentido, cremos que é o momento de proceder á creación dun órgano colexiado de cooperación con carácter permanente, no que se preste especial atención ás necesidades daqueles galegos e galegas que se atopen en situación de vulnerabilidade, como é o caso dos beneficiarios do Bono Social, onde debe existir unha implicación por parte dos Servicios Sociais das entidades locais.

Con esta iniciativa daríase cumprimento ao establecido na Lei 2/2012, de 28 de marzo, galega de protección xeral as persoas consumidoras, que contempla - Capitulo IV - a necesidade de que as administración públicas da comunidade, no exercicio das súas competencias e nos seus respectivos ámbitos territoriais, promovan e desenvolvan a defensa e protección das persoas consumidoras e usuarias, actuando nas súas relacións de acordo cos principios de coordinación e cooperación.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTRO81104IKSd1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2019 16:44:49
Nº Rexistro: 49407
Data envio: 24/04/2019 16:44:49.298

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear un órgano colexiado de carácter consultivo e participativo entre a Administración Autonómica e as entidades locais da comunidade co obxectivo de procurar a máxima coordinación, cooperación e participación nas materias que afecten á protección dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias".

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 24/04/2019 16:30:32

Cristina Isabel Romero Fernández na data 24/04/2019 16:30:47

Maria Antón Vilasánchez na data 24/04/2019 16:31:00

Moisés Blanco Paradelo na data 24/04/2019 16:31:15

Moisés Rodríguez Pérez na data 24/04/2019 16:31:21

Marta Novoa Iglesias na data 24/04/2019 16:31:31

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 24/04/2019 16:36:16

CSV: REXISTRO81104IKSd1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/04/2019 16:44:49
Nº Rexistro: 49407
Data envio: 24/04/2019 16:44:49.298

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Sandra Vázquez Dominguez na data 24/04/2019 16:36:23

CSV: REXISTRO81104IKSd1
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo
Día: 05.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.7 49802(10/PNC-004033)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as demandas que debe realizar Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica en relación coa creación da tarifa de acceso regulado á enerxía nuclear e hidráulica histórica

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:19:07
Nº Rexistro: 49802
Data envio: 09/05/2019 17:19:07.893

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª**, relativa a creación da tarifa eléctrica ARENHH (Acceso Regulado a Enerxía Nuclear e Hidráulica Histórica)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pasan os meses e o Goberno de España non remata de propoñer e promulgar solucións reais e de futuro para garantir o futuro das industrias electrointensivas, para garantir a competitividade da industria en xeral e paliar o espolio aos fogares no recibo da luz.

O cambio de modelo eléctrico é imprescindible para todas as empresas e para todos os fogares, pero para as electrointensivas tórnase de urxencia máxima para evitar peches inmediatos como o de ALCOA.

Ante isto En Marea propón a creación inmediata por Real Decreto Lei da tarifa ARENHH a semellanza da xa instaurada en Francia e aprobada pola UE.

As medidas contempladas na actualidade polo goberno do Estado para paliar a situación das electrointensivas redúcense a aplicar ata o máximo autorizado pola UE as compensacións por custos indirectos dos dereitos de emisión de CO_2, por importe de 200 M€, e a manter as poxas de interrumpibilidade por un importe similar.

CSV: REXISTROaBwmTfrQ9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:19:07
Nº Rexistro: 49802
Data envio: 09/05/2019 17:19:07.893

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Para os 43 TWh que consumen as electrointensivas, isto suporía un desconto de aproximadamente 9,3 €/MWh, insuficientes, xa que tendo en conta que o prezo medio do Pool eléctrico está entre 60 e 64 €/MWh, deixaría o prezo final entre 50,7 e 54,7 €/MWh, moi lonxe dos prezos de Francia (42 €/MWh) ou Alemania (40 €/MWh) e xa non digamos dos de Noruega (32 €/MWh).

Este extracoste suponlles as electrointensivas españolas unhas perdas anuais de 546 M€.

Como xa vimos plantexando de maneira reiterada dende En Marea, hai moitas medidas a tomar, pero hai unha que se podería implantar de maneira inmediata, e que o Ministerio de Transición Ecolóxica ten redactado desde setembro de 2018 pero que non viu a luz pola presión do lobby do oligopolio eléctrico controlado por ex-ministros e dirixentes do PP e do PSOE. E non é outro que sacar a produción Nuclear e Hidroeléctrica do Pool diario e obrigar a que teña que ser vendida a longo prazo e con prezos estables do entorno aos 40/42 €/MWh.

A xustificación sería a mesma que Francia alegou ante a UE e que esta aprobou: son instalacións xa amortizadas e non teñen posibilidade de competencia de mercado xa que non se autorizan novas centrais nucleares nin grandes hidráulicas.

Que estas centrais segan a vender a prezo de Pool supón regalarlles ás eléctricas un mínimo de 1.740 M€ ao ano, os coñecidos como beneficios caídos do ceo, que pagamos empresas e fogares. Todo elo tendo en conta que a produción nuclear en 2018 foi de 52 TWh e a hidráulica de 35 TWh.

CSV: REXISTROtaBwmTfrC9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:19:07
Nº Rexistro: 49802
Data envio: 09/05/2019 17:19:07.893

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Estes 87 TWh darían para subministrar completamente as electrointensivas e a maiores sobrarían 44 TWh para comercializar entre circuítos pechados de distribución doutros sectores industriais como o automóbil ou o naval e para comercializadoras públicas que deran servizo aos fogares máis vulnerables.

Polo exposto, En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a instar o Goberno central, concretamente ao Ministerio de Transición Ecolóxica, para que se implemente de maneira urxente a tarifa ARENHH (tal e como se describe na exposición de motivos) con prezo fixo de entre 40 e 42 €/MWh á que terían que acollerse, de maneira obrigatoria, os produtores de enerxía eléctrica de orixe nuclear ou hidráulico con contratos a longo prazo dun mínimo de 10 anos.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Deputado do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

CSV: REXISTROtaBwmTfrC9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:19:07
Nº Rexistro: 49802
Data envio: 09/05/2019 17:19:07.893

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 09/05/2019 17:17:40

Luis Villares Naveira na data 09/05/2019 17:17:47

CSV: REXISTROtaBwmTfrQ9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/